

**ACTA DE APERTURA E CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN DO SOBRE A DO
PROCEDEMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICA MÁIS VANTAXOSA, VARIOS
CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE ASESORAMENTO E MEDIACIÓN
DE SEGUROS PRIVADOS DO CONCELLO DE AMES.**

Na Casa Consistorial de Ames sendo as dez horas do día 21 de marzo de 2018, reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación da adxudicación do **PROCEDEMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICA MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE ASESORAMENTO E MEDIACIÓN DE SEGUROS PRIVADOS DO CONCELLO DE AMES.**

ASISTENTES:

Presidente:

José M. Miñones Conde, Alcalde do Concello de Ames

Vogais:

Rosa Ana Prada Queipo, Secretaria Municipal

Margarita Fernández Sobrino, Interventora municipal

Rogelio Pardo Martínez, Xefe do Servizo de Contratación .

Secretaria:

M. Isabel Quintáns Rios, Auxiliar administrativa do departamento de Contratación.

Constitúe o obxecto desta reunión proceder á cualificación da documentación xeral contida no sobre A denominado "Documentación Administrativa" presentada polos licitadores.

Consta no expediente certificación da secretaría xeral dos licitadores que presentaron solicitude para participar na adxudicación do contrato do Servizo de Asesoramento e Mediación de Seguros Privados do Concello de Ames.

A continuación procédese a apertura do devandito Sobre A denominado "Documentación Administrativa" sendo o resultado o seguinte:

Empresa	CIF	Anexo II	Declaración Acreditativa datos Identificativos licitador	Anexo III	Anexo IV	Anexo V
Aon GIL Y CARBAJAL, S.A.U., Correduría de Seguros	A-28109247	SI	SI	SI	SI	SI
B.V.C. ARTAI, Correduría de Seguros S.A.	A-36768257	SI	SI	SI	NO	SI
S4 SOLUCIONES ASEGURADORAS S.L.	B-36864049	SI	SI	SI	SI	SI

Tras comprobar a documentación presentada polas empresas licitadoras, cabe mencionar que B.V.C. ARTAI, Correduría de Seguros S.A. non achega Declaración de porcentaxe de Subcontratación (Anexo IV) segundo a cláusula 17.1.4) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

Conforme ao disposto no artigo 81.2 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas se a mesa observa defectos u omisións subsanables na documentación presentada, comunicárase aos licitadores interesados para que no prazo de **tres días hábiles** aporten dita documentación, (cláusula 20.3.d) do PCAP).

En consecuencia e de acordo co disposto no parágrafo anterior a mesa por unanimidade dos seus membros **ACORDA:**

Primeiro.- Requirir á empresa B.V.C. ARTAI, Correduría de Seguros S.A, Declaración de porcentaxe de subcontratación (Anexo IV) segundo a cláusula 17.1.4) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para que sexa aportada no prazo de tres días hábiles.

E non sendo outro o obxecto da reunión, o señor Presidente da por rematado o acto, sendo as dez horas e quince minutos do día de referencia, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan os membros da mesa de contratación, e eu secretaria, certifico.

